



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE



XUVENTUDE



1. NORMAS XERAIS.....	1
2. ORGANIZACIÓN DO PARLAMENTO XOVE.....	1
3. INSCRICIÓN DE EQUIPOS E FUNCIÓNS DAS PERSOAS PARTICIPANTES.....	1
3.1. PERSOAS PARTICIPANTES.....	1
3.2. PRAZAS.....	2
3.3. EQUIPOS.....	2
3.3.1. Número de equipos por centro.....	2
3.3.2. Composición dos equipos.....	3
3.3.3. Funcións das persoas membros do equipo.....	3
3.3.4. Indumentaria.....	3
3.4. INSCRICIÓN.....	4
3.4.1. Cambios.....	5
4. TEMAS DE DEBATE.....	6
5. FASES DA COMPETICIÓN.....	6
5.1. FASE CLASIFICATORIA.....	6
6. CALENDARIO.....	7
7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, SISTEMA DE PUNTUACIÓN E PENALIZACIÓN.....	7
7.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E SISTEMA DE PUNTUACIÓN.....	7
7.1.1. Actuación do xurado.....	7
7.1.2. Sistema de puntuación e promoción de fase.....	7
7.1.3. Número impar de equipos.....	8
7.1.4. Criterios de avaliación.....	8
7.2. PENALIZACIÓN.....	9
7.3. DESEMPATES.....	11

8. LINGUA.....	11
9. CARACTERÍSTICAS DOS DEBATES.....	11
9.1. OS CONTENDENTES.....	11
9.2. POSTURAS QUE SE ADOPTAN.....	12
9.3. PROCEDEMENTO DO DEBATE.....	12
9.4. INTERPELACIÓNS.....	12
9.5. MATERIAL UTILIZADO EN CADA DEBATE.....	13
9.6. A SALA DE DEBATE.....	14
10. DIRECCIÓN TÉCNICA E PERSOAS MEMBROS DO XURADO.....	14
10.1. A DIRECCIÓN TÉCNICA.....	14
10.2. O XURADO.....	15
10.2.1. <i>Presidencia do xurado</i>	15
11. RECLAMACIÓNS.....	15
11.1. OBXECCIÓNS.....	15
11.2. RECLAMACIÓNS FORMAIS.....	15
12. PREMIOS.....	16

1. NORMAS XERAIS

Este regulamento será a norma básica pola que se rexerá a décimo sétima edición (XVII) do Parlamento Xove 2025-2026.

Por motivos de forza maior, ou por decisión xustificada da organización, poderán establecerse excepcións en canto ao establecido neste regulamento. Os equipos afectados por posibles cambios serán avisados con tempo suficiente a través dun comunicado da organización.

A organización do Parlamento Xove resérvase o dereito de utilizar o nome e a imaxe das persoas participantes no relativo ao desenvolvemento da competición con finalidade publicitaria.

2. ORGANIZACIÓN DO PARLAMENTO XOVE

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia convoca o Parlamento Xove.

Entre as funcións da organización referentes ao apartado de competición atópanse:

- Elaboración do regulamento de competición e as bases de cada edición.
- Organizar as xornadas de formación previa dos equipos inscritos.
- Selección dos temas de debate da competición.
- Elección da sede de cada edición.
- Busca, selección e formación dos/as xuíces/as que formarán os xurados dos debates.
- Elección das persoas compoñentes da dirección técnica.

3. INSCRICIÓN DE EQUIPOS E FUNCIÓNS DAS PERSOAS PARTICIPANTES

3.1. PERSOAS PARTICIPANTES

Todas as categorías comparten o regulamento pero as datas de celebración dos encontros poderían ser distintas. Segundo as diferentes categorías existentes, poderán participar na competición os seguintes grupos de alumnado:

- Categoría de ESO: de 3º e 4º da ESO de calquera centro de ensino de Galicia.
- Categoría de Bacharelato: de 1º e 2º de Bacharelato de calquera centro de ensino de Galicia.
- Categoría de FP (Formación Profesional): a mocidade estudante de calquera módulo ou ciclo de FP de calquera centro de ensino de Galicia.

- Categoría de Universidade: a mocidade estudante de grao de calquera universidade pública ou privada de Galicia, matriculada no curso académico 2025/2026.
- Categoría Posformativa: a mocidade ata 30 anos non incluída en ningunha das categorías anteriores.

3.2. PRAZAS

Nesta edición do Parlamento Xove poderán inscribirse un total de 24 equipos en categoría ESO, 24 en categoría Bacharelato, 16 en categoría Universitaria, 8 equipos na categoría de FP e 8 na categoría Posformativa.

As prazas outorgaranse por estrita orde de inscrición, tendo preferencia aqueles centros xa inscritos a través do Plan Proxecta, facendo unha listaxe de agarda cos centros non seleccionados.

3.3. EQUIPOS

3.3.1. Número de equipos por centro

Nas categorías de ESO, Bacharelato e FP, cada centro educativo poderá inscribir, como máximo, dous equipos por categoría; pero no caso de que as inscricións excedan o número de prazas ofertadas, finalmente só poderán inscribir un equipo por categoría, co obxectivo de facilitar a participación de centros que nunca o fixeran ou que participaran nun menor número de ocasións.

No caso da Universidade, cada campus universitario poderá preinscribir tantos equipos como considere. O primeiro equipo prerrexistrado de cada campus terá automaticamente confirmada a inscrición. O segundo e seguintes equipos pasarán á lista de espera. Unha vez haxa un equipo inscrito de cada campus ou cando remate o período de preinscrición, comezase a adxudicar praza por rigoroso orde de inscrición aos segundos equipos de cada campus. Se despois deste proceso aínda quedan vacantes, adxudicarase praza aos terceiros equipos de cada campus, e así sucesivamente.

No caso da categoría Posformativa, a participación estará limitada a un máximo de oito (8) equipos. A selección dos equipos participantes realizarase por rigorosa orde de inscrición, ata completar o número máximo establecido. Unha vez cubertas todas as prazas, as inscricións posteriores quedarán rexistradas nunha lista de espera, da que se recorrerá unicamente no caso de producirse baixas antes do inicio da competición.

3.3.2. Composición dos equipos

O equipo de debate componse de catro membros e unha persoa coordinadora pertencentes ao centro educativo ao que representan. Cada coordinador ou coordinadora representará soamente a un equipo; deste xeito, se un centro presenta dous equipos ten que ter dúas persoas coordinadoras. Excepcionalmente, permítese un só coordinador ou coordinadora para dous equipos sempre e cando asuma as consecuencias dos posibles solapamentos entre encontros. En ningún caso, a organización cambiará de horario ou de orde os encontros para impedir este solapamento coa finalidade de incorrer en agravios sobre terceiras persoas.

Na categoría Universitaria e categoría Posformativa, o equipo de debate estará formado por un mínimo de 2 persoas e un máximo de 4. Unha das persoas membros do equipo actuará como coordinador/a /representante ante a organización e o xurado. Cada coordinador/a representará soamente a un equipo; deste xeito, se un campus universitario presenta dous ou máis equipos ten que ter tantas persoas coordinadoras como equipos participantes.

3.3.3. Funcións das persoas membros do equipo

A persoa coordinadora actuará como asesora e preparadora do equipo e será a súa representante ante a organización do Parlamento Xove. A elección e designación desta figura dependerá do propio equipo ou do centro de ensino. En todo caso, nas categorías de ESO, Bacharelato e FP, deberá ser un profesor ou profesora en activo ou unha persoa que forme parte do PAS.

Os oradores ou oradoras exporán oralmente as liñas argumentais do seu equipo, refutarán ao contrario, farán as conclusións dos debates, establecerán as argumentacións principais, colaborarán na pescuda da información e poderán realizar preguntas nos debates.

3.3.4. Indumentaria

Todas as persoas que compoñen o equipo deberán vestir apropiadamente considerando as características da competición (trátase dunha comparecencia en público e estase representando a unha institución educativa). Se o xurado ou a organización consideran pouco apropiada a indumentaria dalgunha das persoas participantes, comunicaranos á persoa coordinadora do equipo correspondente antes do inicio do debate para que actúe en consecuencia. Cando así o consideren, os equipos poderán vestir uniformados.

As persoas participantes poden levar publicidade discreta do centro que representen, sendo previamente comunicado á organización. Igualmente, non se permitirán mensaxes ou *slogans* na vestimenta.

3.4. INSCRICIÓN

Os centros educativos e equipos de debate que desexen participar deberán enviar de xeito telemático **o formulario de participación** dispoñible na páxina web de Xuventude <https://xuventude.xunta.gal/> dende o 9 de decembro de 2025 ata o 16 de xaneiro de 2026.

Os centros educativos que se anotaron a través do Plan Proxecta terán prioridade na participación, sen prexuízo de que teñan que cubrir o formulario de participación así como a posterior inscrición. De non envialo, entenderase que desisten da súa participación na competición.

Unha vez adxudicadas as prazas (por categoría), os equipos seleccionados disporán ata o día 26 de xaneiro de 2026 para enviar por correo electrónico **o formulario de confirmación da inscrición e a documentación complementaria** nas categorías de ESO, Bacharelato e Universitaria. No caso da categoría de FP e a categoría Posformativa, o prazo amplíase ata o 20 de febreiro de 2026.

O formulario de inscrición e as autorizacións poderán descargarse da páxina oficial da competición, á que se accederá a través da antedita páxina web.

Xunto co formulario de confirmación de inscrición enviarase a seguinte documentación complementaria:

a. Para as categorías dos centros educativos non universitarios:

- Autorización para a consulta do DNI/NIE de cada unha das persoas que integran o equipo, incluído o coordinador/a. No caso de menores de idade deberá asinar a autorización o pai/nai/titor/a legal. De opoñerse á consulta, deberán achegar copia do documento.
- Declaración responsable de matriculación do alumnado segundo o modelo que figurará na páxina web <https://xuventude.xunta.gal/>
- Autorización paterna/ materna /titor/a legal para que os/as menores de idade poidan participar no programa Parlamento Xove 2025-2026 segundo o modelo que figurará na páxina web <https://xuventude.xunta.gal/>



- Autorización paterna/materna/titor/a legal para facer fotografías e gravar a imaxe dos/as menores participantes durante o desenvolvemento das actividades do programa Parlamento Xove 2025-2026 segundo o modelo que figurará na páxina web <https://xuventude.xunta.gal/>

b. Para a categoría universitaria:

- Autorización para a consulta do DNI/NIE de cada unha das persoas que integran o equipo. De opoñerse á consulta, deberán achegar copia do documento.
- Declaración responsable de matriculación das persoas integrantes do equipo segundo o modelo que figurará na páxina web <https://xuventude.xunta.gal/>

c. Para a categoría Posformativa:

- Autorización para a consulta do DNI/NIE de cada unha das persoas que integran o equipo. De opoñerse á consulta, deberán achegar copia do documento.
- Declaración responsable de cumprir cos requisitos para poder ser incluído/a nesta categoría segundo o modelo que figurará na páxina web <https://xuventude.xunta.gal/>

Tódolos anteditos documentos (formulario de inscrición debidamente asinado e documentación complementaria) deberán enviarse ao correo electrónico: parlamentoxove.xuventude@xunta.gal

3.4.1. Cambios

Permitiranse realizar cambios con respecto ás persoas compoñentes especificadas na composición de equipos ata unha semana antes do inicio da competición. A posteriori, non estará permitido realizar ningún cambio salvo por causa de forza maior debidamente xustificada.

Se durante a competición, un centro de ensino participa con dous equipos, non estará permitido realizar ningún intercambio entre as persoas compoñentes destes.

No caso de que un centro educativo participe con dous equipos e un deles quede eliminado, as persoas compoñentes do equipo eliminado non poderán formar parte doutro equipo.

En canto á persoa coordinadora nas categorías de ESO e Bacharelato, permitirase a súa substitución sempre e cando sexa por motivo xustificado.

4. TEMAS DE DEBATE

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude formulará o tema de xeito dicotómico ou a modo de pregunta ou afirmación que dea lugar a posturas opostas, cada unha das cales será defendida por cada equipo en función do resultado do sorteo que terá lugar antes de que se inicie o debate. Este sorteo que realiza o xurado coas persoas coordinadoras designa que equipo defende a postura a favor e que equipo defende a postura en contra do tema formulado.

O tema da fase clasificatoria, na que participan todas as categorías agás a categoría de FP e a categoría Posformativa, publicárase na páxina web de Xuventude.

A concreción do tema da fase final farase pública na páxina web unha vez se supere a fase clasificatoria para os equipos das categorías de ESO e Bacharelato. Así mesmo, publicárase tamén un tema da fase final, distinto do anterior, para as categorías de Universidade, FP e Posformativa.

5. FASES DA COMPETICIÓN

En todos os debates, os dous equipos que se enfrontarán en cada encontro defenderán posturas opostas: un asumindo a postura A FAVOR e o outro a postura EN CONTRA, que se decidirá por sorteo minutos antes do comezo do debate.

A competición constará de fase clasificatoria -na ESO, Bacharelato e Universitaria- e fase final de eliminatoria directa.

5.1. FASE CLASIFICATORIA

O desenvolvemento desta fase nas categorías de ESO, Bacharelato e Universitaria e o número de debates que se disputen nela dependerán do número de equipos inscritos. A distribución e temporalización de emparellamentos publicárase tras a realización dun sorteo público o día anterior ao inicio dos debates. O número de equipos participantes tamén pode provocar cambios nas datas e lugar de realización previstos.

A categoría de FP e a categoría Posformativa non teñen fase clasificatoria.

5.2. FASE FINAL

En todas as categorías, os oito equipos mellor clasificados debaterán sobre un novo tema na fase final de eliminatoria directa, composta por cuartos de final, semifinais e final. Faranse varios encontros dialécticos que seguirán idéntico sistema ao da fase anterior.

6. CALENDARIO

A Dirección Xeral de Xuventude establece o seguinte calendario:

CALENDARIO PARLAMENTO XOVE 2025-2026	
<i>Envío do formulario de participación</i>	<i>Do 9 de decembro de 2025 ata o 16 de xaneiro de 2026</i>
<i>Envío do formulario de confirmación da inscrición e documentación complementaria</i>	<i>Desde adxudicación de prazas ata:</i> - 26 de xaneiro de 2026 (ESO, Bacharelato e Universitaria) - 20 de febreiro de 2026 (FP e Posformativa)
<i>Fase clasificatoria de ESO, Bacharelato e Universitaria</i>	<i>Febreiro / Marzo 2026</i>
<i>Fase final das cinco categorías</i>	<i>Maio / xuño 2026</i>

As datas exactas, así como o lugar de realización dos debates dialécticos serán publicadas na páxina web de Xuventude e notificadas por correo electrónico ao coordinador/a de cada equipo. O feito de estipular estas datas de entrega de documentación é por motivos organizativos, o que non exime de que os equipos poidan empezar a preparar cada unha das actividades a partir do momento en que teñan confirmada a súa inscrición na competición.

7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, SISTEMA DE PUNTUACIÓN E PENALIZACIÓN

7.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E SISTEMA DE PUNTUACIÓN

7.1.1. Actuación do xurado

O xurado decidirá en cada debate cal foi o equipo que defendeu con máis solvencia a súa tese e recollerase na acta do debate. Para isto, cada persoa membro do xurado cubrirá unha rúbrica na que se detallarán os criterios de avaliación nos que o xurado baseará a súa decisión, establecendo cal foi o equipo que cumpriu mellor cada un deles, e que formará parte da acta. Rematado o debate, sumaranse os puntos de cada xuíz/a e restaranse os que procedan de sancións para obter o veredicto do xurado.

A rúbrica publicárase na páxina web de Xuventude <https://xuventude.xunta.gal/>

7.1.2. Sistema de puntuación e promoción de fase

Fase clasificatoria: tal e como foi detallado en apartados previos, os equipos debaterán entre si, cunha distribución e temporalización de emparellamentos que se fará pública o día anterior ao inicio dos debates e se coñeza o número definitivo de persoas participantes.

En cada debate participará un grupo impar de xuíces/as que, rematado o debate, sumarán as puntuacións que lle outorgaron a cada equipo e restarán as sancións. O equipo que obteña a maior suma de puntos será o que gañe o debate.

Para pasar á seguinte fase terase en conta, en primeiro lugar, o número de puntos obtidos, colocándose nos primeiros postos aqueles que teñan maior puntuación independentemente das vitorias ou derrotas nos debates. En caso de empate, seguiranse as directrices marcadas no apartado 7.3 deste regulamento.

Fase final: consta de tres etapas (cuartos de final, semifinal e final) de eliminatoria directa: o equipo que gañe cada debate será o que pase automaticamente á seguinte etapa.

7.1.3. Número impar de equipos

No caso de que o número de equipos participantes na fase clasificatoria sexa impar, no momento de realizar o sorteo dos emparellamentos o equipo que resulte ser o último no momento do sorteo realizará dous debates (non tres) e respecto do debate non realizado:

- Computarase o debate como gañado.
- A puntuación para o debate será a media aritmética dos puntos obtidos nos dous debates realizados na fase clasificatoria.

No caso da categoría de FP e a categoría Posformativa, se o número de equipos participantes é impar, no momento de realizar o sorteo dos emparellamentos o equipo que resulte ser o último no momento do sorteo pasa automaticamente á seguinte eliminatoria.

7.1.4. Criterios de avaliación

Para valorar a actuación de cada equipo, os/as xuíces/as empregarán diversos criterios de avaliación que afecten a cuestión de fondo, forma, visión de equipo e estrutura do debate; con anterioridade aos primeiros debates, o equipo de xuíces/as detallará todos e cada un dos criterios e facilitará a puntuación que se atribúe a cada un deles.

En caso de empate na puntuación total trala suma dos resultados dos/as tres xuíces/as, o criterio para o desempate será o que estableza a maioría de persoas do xurado no ítem de competición (quen convenceu máis no conxunto do debate).

7.2. PENALIZACIÓNS

a. Avisos: Trátase simplemente dunha advertencia oral, que realizará o/a xuíz/a principal polas seguintes causas:

- Prolongación durante máis de dez segundos da exposición unha vez finalizada a súa quenda.
- Acurtar a exposición en máis de dez segundos do tempo máximo asignado á quenda.
- Interrupción dun orador ou oradora do equipo contrario durante a súa exposición en calquera momento do debate sen que este dese permiso para iso.
- Realización dunha interpelación que dure máis de 15 segundos.
- Realización dunha interpelación no "minuto protexido".
- A comunicación, verbal e non verbal, co profesorado acompañante.

b. Faltas leves: A realización por parte dun equipo dunha falta leve suporá a perda de 5 ítems no total da valoración feita polo xurado nese debate.

Considéranse faltas leves:

- A acumulación de dous avisos.
- Enunciación dunha cita ou dato falso. Se un equipo dubida da veracidade ou da orixe dun dato achegado polo equipo contrario, levantará a man cando finalice o debate e comunicará isto en voz alta. O equipo deberá mostrar a fonte rigorosa desa evidencia durante os seguintes 10 minutos tralo final do debate, de xeito que o xurado poida desestimar a impugnación ou, en caso contrario, terá que aplicar a penalización correspondente.
- A realización de dúas intervencións por parte dun só orador ou oradora.
- Falta de puntualidade ata 5 minutos.
- A comunicación, verbal e non verbal, co público.
- A utilización de calquera dispositivo tecnolóxico coa intención de buscar información para o beneficio do seu equipo.



c. Faltas graves: Unha falta grave suporá que o equipo perda o debate no que se produza a falta. Considéranse faltas graves:

- A acumulación de tres faltas leves no mesmo debate.
- Falta de puntualidade ata 10 minutos. Se se excede este tempo considerarase non presentado.
- Actitude que demostre ofensa ou menosprezo con respecto ao equipo contrincante, ao público ou ao xurado.
- Comportamento inadecuado (presións antideportivas, insultos, discriminacións de calquera tipo ad hominem ou dentro do seu discurso cara grupos sociais, raciais, relixiosos etc.)

Ademais, durante o debate, o/a xuíz/a principal poderá realizar observacións en relación ao desenvolvemento, que non suporán sanción ningunha, senón que serán parte do seu traballo á hora de garantir o normal desenvolvemento do evento.

No caso de darse unha falta grave no transcurso dun debate ou a non presentación dun equipo a un/s debate/s:

- O equipo infractor perde o debate e computará 0 puntos nese debate.
- Ao equipo non infractor computaráselle o debate como gañado e a puntuación nese debate obterase a través da media aritmética dos puntos obtidos no resto dos debates de toda a fase clasificatoria.

d. Expulsións: o/a xuíz/a principal ten a potestade para expulsar a calquera persoa compoñente do equipo ou a persoas do público se desenvolven un comportamento indebido durante o debate.

A dirección técnica estudará posibles incidentes ocasionados durante a competición, tanto no transcurso dos debates como noutros momentos de convivencia, así como os casos en que se produza unha acumulación de penalizacións, tanto por parte dun equipo como por un dos seus membros e poderá descualificar a un equipo ou a un/ha participante temporalmente. O seu fallo verase acatado polas partes implicadas.

A organización resérvase o dereito de expulsión dun equipo da competición se considera que existen causas xustificadas durante o desenvolvemento do evento.

7.3. DESEMPATES

En caso de empate entre dous equipos na fase clasificatoria, atenderase aos seguintes criterios:

1. Suma total da puntuación obtida polo equipo nos debates da fase clasificatoria.
2. Suma total da puntuación obtida polo equipo nos debates.
3. Menor número de faltas graves.
4. Menor número de faltas leves.
5. Menor número de avisos.
6. Resultado dun debate de desempate.

8. LINGUA

Tomando como referencia o propio regulamento do Parlamento de Galicia, o galego e o castelán serán as linguas oficiais do Parlamento Xove. As persoas participantes no debate poderán facer uso, indistintamente, de ambos os dous idiomas.

9. CARACTERÍSTICAS DOS DEBATES

9.1. OS CONTENDENTES

Nos debates enfrontaranse dous equipos, formado cada un deles por catro persoas membros. Ademais, é indispensable a presenza dun coordinador ou coordinadora.

As persoas membros do equipo nas categorías de ESO, Bacharelato e FP serán catro (4) oradores ou oradoras que realizarán as intervencións retóricas nas súas diferentes quendas: exposición inicial, refutacións e conclusións. Será decisión do equipo o seu modo de intervención, pero sempre participarán catro persoas oradoras en cada debate. Na categoría Universitaria e categoría Posformativa, participarán entre dúas (2) e catro (4) persoas que realizarán as mesmas intervencións retóricas.

A persoa coordinadora inscrita no Parlamento Xove será a que forme parte do equipo, non podendo facerse cambios, agás en caso de forza maior e se xustifique debidamente.

A persoa coordinadora entregará á presidencia do tribunal de cada debate un escrito (folla de equipo) cos nomes das persoas membros do equipo antes de empezar cada

debate. As follas de ambos equipos serán engadidas ás actas ao final do debate. A designación de persoas que realizan cada quenda poderá variar dun debate a outro.

O coordinador ou coordinadora situarase na sala de debate, durante o seu transcurso, entre o público, NON podendo comunicarse co equipo (ou viceversa) por ningunha vía.

9.2. POSTURAS QUE SE ADOPTAN

Nos debates, os equipos participantes defenderán posturas opostas: un equipo defenderá a postura A FAVOR e o outro, a postura EN CONTRA.

Tal e como se establece no apartado 5 deste regulamento, durante toda a competición, a postura que vai adoptar cada equipo decidírase por sorteo minutos antes do comezo do debate.

Levará a cabo este sorteo o presidente ou presidenta do tribunal do debate, en presenza das persoas coordinadoras dos equipos participantes.

9.3. PROCEDEMENTO DO DEBATE

A postura A FAVOR será a que comece o debate. As quendas de participación dos equipos durante os debates seguirán esta orde:

- AF (A Favor) Exposición Inicial: 4 minutos.
- EC (En Contra) Exposición Inicial: 4 minutos.
- AF Refutación: 5 minutos.
- EC Refutación: 5 minutos.
- AF Refutación: 5 minutos.
- EC Refutación: 5 minutos.
- EC Conclusións: 3 minutos
- AF Conclusións: 3 minutos.

Duración total do debate: 34 minutos.

9.4. INTERPELACIÓNS

Os/as oradores/as poden interpelar a un orador ou oradora do equipo contrario durante as quendas de refutación, coa intención de realizar observacións, preguntas ou comentarios. Solicitará a palabra erguendo a man.

Non será posible realizar interpelacións durante o último minuto de cada refutación, xa que é o denominado “minuto protexido”. A realización dunha interpelación no “minuto protexido” será considerado un aviso para o equipo que realice a dita interpelación.

O orador/a–refutador/a contará con liberdade para conceder a palabra e para responder ou non. O cronómetro non se parará, así que tanto a interpelación (que non poderá durar máis de 15 segundos) como a resposta, contarán como tempo de intervención do orador ou oradora.

Durante a exposición inicial e as conclusións, as persoas oradoras non poderán ser interrompidas.

9.5. MATERIAL UTILIZADO EN CADA DEBATE

a) Material complementario:

Para complementar a súa exposición oral, os equipos poderán utilizar o material que consideren necesario, sempre e cando se axuste ás disponibilidades técnicas da sala de debate. Estas disponibilidades serán comunicadas aos equipos con antelación.

O tempo non se parará en ningún caso pola utilización de material de apoio. Isto é: a disposición de transparencias, diapositivas, vídeos etc... contarán como tempo de intervención.

b) Notas:

Durante as exposicións, as persoas oradoras poden recibir apoio do seu equipo en forma de notas. Ningunha das persoas compoñentes do equipo se erguerá dirixíndose ao atril, senón que será sempre o orador ou oradora o que se achegue á mesa.

En ningún caso as persoas compoñentes do equipo ou do xurado poderán recibir información do público asistente na sala durante o debate.

c) Relación de evidencias:

Os equipos deben dispoñer durante o debate de evidencias de todos os datos conseguidos na investigación. Así, se o equipo contrario solicita a verificación dun dato, demostrarán a súa autenticidade ao rematar o encontro dialéctico.

Se esa evidencia non se atopa na documentación que dispón o equipo e non consegue atopala polos seus propios medios, quedará a criterio do xurado a consideración dese dato como falso.



9.6. A SALA DE DEBATE

A sala de debate contará con:

- Un atril.
- Dúas mesas (unha para cada equipo) que estarán situadas en fronte do atril, de forma que o orador ou oradora teña os dous equipos dentro do seu ángulo de visión.
- Un ou varios reloxos. Colocaranse de xeito que estean dentro do campo de visión dos oradores/as e equipos.
- Un espazo reservado para o xurado, desde onde teñan unha perspectiva apropiada e poidan ver tanto o atril como os elementos de apoio que utilicen os equipos para complementar as súas exposicións.
- Un espazo habilitado para o público, cunha separación apropiada con respecto o xurado e os equipos.

En ningún debate poderá aparecer dentro da sala publicidade ningunha, agás a permitida pola organización.

Durante o desenvolvemento dos debates, o persoal auxiliar procurará o máximo silencio na sala limitando o acceso. Igualmente estará prohibido o uso do teléfono móbil.

10. DIRECCIÓN TÉCNICA E PERSOAS MEMBROS DO XURADO

10.1. A DIRECCIÓN TÉCNICA

En cada edición do Parlamento Xove nomearase unha dirección técnica cuxa composición se fará pública no torneo.

As súas funcións serán:

- Velar polo cumprimento do presente regulamento por parte do xurado e dos/as integrantes dos equipos.
- Recoller e resolver as reclamacións formais dos equipos, así como as sancións disciplinarias impostas polo xurado dun debate, e elevalas ao comité de competición, que será o que resolva.
- Interpretar este regulamento e as bases de cada edición en caso de dúbida.

10.2. O XURADO

O xurado de cada fase estará formado por un presidente ou presidenta de tribunal e un número par de xuíces ou xuízas auxiliares. Escolleranse e designaranse pola organización, tendo como criterio de selección, a súa formación e experiencia académica en actividades relacionadas coa temática tratada, coa literatura, a investigación, a oratoria, a comunicación, a pedagogía, a lóxica, etc. Todos os xuíces e xuízas recibirán un curso de formación previo para unha maior uniformidade nos criterios de valoración.

10.2.1. Presidencia do xurado

As e os membros do xurado de cada debate estarán presididos por un xuíz ou xuíza responsable de que se cumpra o regulamento. Nos debates, esta persoa será a moderadora do debate, presentará os equipos e realizará o sorteo de posturas. Encargarase tamén de recoller as observacións que fagan as persoas do xurado, e mesmo as e os participantes no debate, respecto do regulamento.

Tomará as decisións de expulsión ou descualificación por penalizacións colexiadamente co resto de integrantes presentes no xurado. Esta decisión comunicarase á dirección técnica.

11. RECLAMACIÓNS

11.1. OBXECCIÓNS

Se un equipo observa que o equipo contrario cometeu algunha infracción durante a súa intervención no debate, poderá comunicarllo ao xurado por medio da persoa coordinadora. Deberá facelo ao finalizar o debate para evitar que esta obxección inflúa no desenvolvemento do mesmo e informarse ao coordinador ou coordinadora do equipo contrario.

Non poderá facerse obxección ningunha unha vez transcorridos dez minutos despois da finalización do debate.

Será o xurado o que decida se estima ou desestima a obxección. En calquera caso quedará recollida na acta xunto cos motivos de estimación ou desestimación.

11.2. RECLAMACIÓNS FORMAIS

As reclamacións formais poderán ser formuladas polos equipos ata unha hora despois de finalizado o debate, en caso de que estimen que o xurado ou un dos seus xuíces/as non respectou o regulamento do torneo. Indicará os apartados que foron vulnerados.



Esta solicitude de impugnación do debate entregarase á dirección técnica que tomará unha decisión ao respecto.

Non se aceptarán impugnacións ao veredicto do xurado se se respectou o regulamento da competición.

12. PREMIOS

1. Os equipos gañadores do Parlamento Xove, en todas as categorías da competición: unha viaxe para os/as integrantes do equipo valorada en 4.000 €.
2. O equipo finalista: un agasallo a cada un dos/das integrantes do equipo.
3. Os/as integrantes do xurado poden facer mencións especiais daqueles/as oradores/as que lles parezan máis brillantes nas súas execucións considerando os criterios de avaliación establecidos. Poderán facer 1 mención especial por cada categoría (ESO, Bacharelato, FP, Universitaria e Posformativa). O alumnado distinguido con esta mención recibirá un diploma acreditativo e un agasallo emitido pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.